



BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA OS POSTOS DE DOUS CONDUTORES DE MOTOBOMBA, BAIXO A MODALIDADE DO CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria, modalidade de contratación e duración do contrato.

O obxecto desta convocatoria é a provisión mediante concurso de dous condutores de motobomba en virtude dun convenio entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Rois, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia

Todo elo de conformidade co disposto no Real decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro pola que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público , na Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e demás disposicións de pertinente aplicación.

A duración do contrato de traballo será determinada para desenvolver as tarefas propias do citado posto de traballo de condutor de vehículo motobomba obxecto de convenio coa Consellería do Medio Rural e por un período de tres meses e medio.

O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro)

SEGUNDA: Financiamento e retribucións.

A contía das retribucións e cotas da Corporación por seguridade social será imputable en base ó Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Rois.

Os custos salariais e de Seguridade Social serán imputables ás partidas 136 131.02 e 136 160.00 do vixente orzamento do 2022.

As retribucións brutas mensuais incluíndo a parte proporcional da paga extra ascenderán a: 1.330,00€ brutos mensuais.

TERCEIRA: Publicidade de bases e convocatoria.

A convocatoria, será publicada na páxina web do concello www.rois.gal, no taboleiro de anuncios do concello e nun xornal de máis circulación da comarca, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

As bases estarán publicadas na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.



CUARTA: Horario e tarefas encomendadas.

O horario de traballo realizarase de luns a domingo, cos descansos que establece a Lei, e coa flexibilidade que requira o servizo para o mellor funcionamento do mesmo.

As tarefas encomendadas ós citados postos, son as propias de traballo de condutor de motobomba para prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto de convenio coa Consellería do Medio Rural.

QUINTA.-Condicións dos aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitase. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- d) Estar en posesión do certificado de escolaridade, estudios primarios, ESO, EXB ou equivalente e permiso de conducción BTP

Os requisitos para concorrer están referidos ó último día de presentación de instancias.

SEXTA.- Presentación de solicitudes.

1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixido ó Sr. alcalde, en modelo que se poderá descargar na páxina web do concello www.rois.gal e que tamén se facilitará no Rexistro Xeral do Concello, na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Quinta desta convocatoria, nun prazo de cinco días hábiles que se iniciará ao día seguinte da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do concello e nun xornal de maior circulación da comarca.



Poderán, así mesmo, remitirse na forma determinada na Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

Se conforme a ese precepto se presentaran a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no rexistro xeral será a que conte a todos os efectos.

A non presentación en tempo e forma suporá a exclusión do/a participante.

2.–Necesariamente xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar:

- Fotocopia autentificada do DNI ou documento identificativo.
- Fotocopia autentificada dos títulos esixidos e permiso de conducción
- Fotocopia autentificada da documentación que xustifique os méritos que se aleguen.

Non se terán en conta os méritos alegados e non xustificados documentalmente nin tampouco aqueles méritos que non figuren no baremo.

NOTA. Admítese, para os efectos de acreditación da formación mínima requirida, a presentación de fotocopia da solicitude de expedición do título, se ben neste suposto débese acompañar da certificación académica de que se remataron os estudos correspondentes.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

SÉTIMA.–Admisión de aspirantes. Data e lugar de celebración das probas.

Expirado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco días hábiles, que se publicará na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios, indicando a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e as causas de exclusión.



Os aspirantes disporán dun prazo máximo de dous días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da resolución para reparar o defecto. No suposto de non presentárense reclamacións, as listaxes provisionais elevaranse a definitivas.

A resolución que aprobe a listaxe definitiva de admitidos e excluídos fixará a composición do tribunal, o lugar, a data e a hora de inicio da entrevista e poralle fin á vía administrativa.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar o lugar de celebración das probas, publicarase na paxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

OITAVA.- Tribunal cualificador.

O Tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación das listas de admitidos e excluídos.

Todos os vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

Os membros dos Tribunais deberán abstenerse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do Régime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos Tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.



NOVENA.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

Sistema de provisión:

1) CONCURSO DE MÉRITOS.

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polos aspirantes. No suposto de non constancia documental de méritos ou que a mesma sexa incompleta, imposibilitando o Tribunal a súa comprobación exacta ou determinación, non se terán en conta. Puntuarase conforme ó seguinte baremo (**ata un máximo de 7,00 puntos**).

A) Experiencia profesional. A experiencia acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes (condutor de vehículo motobomba en tarefas de prevención e extinción de incendios), 0,10 puntos por mes ata un máximo de **3,00 puntos**. Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose os meses de trinta días.

A prestación de servizos deberase acreditar con copia cotexada dos contratos de traballo ou dos certificados de empresa, así como, no seu caso, informe da persoa ou órgano competente, do contido e calidade dos traballos realizados e con informe de vida laboral.

B) Formación.- Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados cos postos de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou homologados por elas, ata un máximo de **2,00 puntos**:

- De 15 a 50 horas: 0,25 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,50 puntos
- Mais de 100 horas: 1 punto

C) Por tempo en desemprego valorarase 0,25 puntos por cada catro meses de desemprego ata un máximo de **1,00 punto**. Xustificarase con informe do INEM.

D) Carné de conducir, por dispor de máis permisos de conducir 0,25 puntos por cada un deles ata un máximo de **1,00 punto**, excluíndo sempre o que se esixe.

2) ENTREVISTA PERSONAL

Non ten carácter eliminatorio, pero as persoas aspirantes que non asistan ao chamamento, salvo causa xustificada, serán decaídas do seu dereito e consistirá en avaliar a disponibilidade do aspirante, a súa adecuación ó posto de traballo



convocado e o coñecemento do territorio. Puntuarase ata un máximo de **3,00 puntos**.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na paxina web do concello.

Serán seleccionados para o recoñecemento medico e probas físicas as persoas que obteña maior puntuación no concurso de méritos

3) RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA

A) Proba física. Realizarán esta proba as persoas que obteñan a maior puntuación na fase do Concurso de méritos en cada unha das prazas para as que se opte. TERÁ CARÁCTER ELIMINATORIO.

Consistirá na realización dunha proba de esforzo denominado do banco, que consiste en baixar e subir dun banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos durante un periodo de 5 minutos, e é necesario para ser considerado apto obter como mínimo os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba.

B) Recoñecemento médico, realizarán este recoñecemento as persoas que realicen as probas físicas e terá carácter eliminatorio

DÉCIMA.-Proposta de aprobado.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado na paxina web do concello os aspirante aprobados coa puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao alcalde para proceder á formalización do contrato correspondente, a favor do aspirante que obtivera a puntuación total más alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

Na acta da última sesión do Tribunal, incluirase unha relación dos aspirantes, por orde de puntuación, que non foran incluídos na lista de aprobados e proposta de nomeamento, a efectos de poder, se así se estima, ser contratados eventualmente, para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzcan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algúna baixa ou renuncia do seleccionado.



A confección desta relación de aspirantes para provisións temporais será aprobada por Decreto da Alcaldía e publicada na paxina web do concello.

UNDÉCIMA.–Formalización do contrato.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor do aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e ao seu chamamento para a súa incorporación. Será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, o aspirante contratado deberá subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalice o respectivo contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

DUODÉCIMA.– Normas finais.

Primeira.– Para todo o non previsto nestas bases, ou naquelo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.– Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3^a, os sucesivos actos e comunicacóns que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios do concello.

Terceira.–Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE CONDUTOR DE MOTOBOMBA**

D/D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en.....C.P.....
e-mail.....Teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo enriba indicado mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía.

Para tal efecto fai constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na Base Quinta da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

Documentación que achega:

-
-

Rois de de 2022

Asdo.